

## DEBERES DE INGLÉS DE 4º DE PRIMARIA (DO 11-15 DE MAIO - 3º TRIMESTRE):

Bos días,

Estas son as tarefas de Inglés para esta semana:

1.- Facer os exercicios orais das páxs. 47 e 49 do Class book para o que necesitarán escoitar os audios desas páxs. en Blink Learning. Alí repasarán os días da semana, as materias de estudo e como van á escola "How do you go to school?" que tamén é o título da canción que se poder ver neste enlace.

2.- Facer as páxs. 44, 45 e 47 do Activity book e a páx. 19 do Skills book. Mandarme as fotos ao meu correo para corrixirllas así como tamén repasade as horas para poder facer ben os exercicios da páx. 44. (Enviar as fotos por correo as páxinas anteriores tanto do Activity como do Skills book da semana pasada, os que aínda non o fixeron).

3.- Entrar en Blink Learning para comezar a lectura dun libro que se chama "In the Big City". Podedes ler as primeiras 8 páxinas (e moi curto, ameno e con debuxos) para así recuperar dalgún xeito a hora de ler semanal que tiñamos.

4.- Sería estupendo se dispoñedes dun anaco cada semana para seguir repasando os vídeos co vocabulario xenérico de uso diario do enlace que vos xunto. É convinte que os escoiten a miúdo, que copien na súa libreta o vocabulario básico (por tema) destes vídeos para tentar memorizalo, e logo que traten de copialo nun folio sen mirar. O enlace é:

<https://docs.google.com/document/d/1vjBzPCdvfR6HsKMiW41YN3CCgoMROvqk-twS2Ps4y6A/edit>

Recordade que este é o traballo de Inglés que se recomenda para toda a semana pero que ten un carácter flexible, polo que non se aconsella facelo todo xunto, podedes distribuílo en 3 tempos segundo as vosas posibilidades e horarios. Se tedes calquera pregunta con respecto aos deberes de Inglés ou dificultade á hora de traballar co material contactade comigo. Recórdovos unha vez máis o meu correo electrónico [marinaepf20@gmail.com](mailto:marinaepf20@gmail.com) para calquera dúbida que vos poida xurdir.

Ánimo que xa vai quedando menos.

Unha aperta virtual.

Marina.